



## Un ourensán na Etiopía profunda: Juan González Núñez

Ramón Cao Martínez<sup>1</sup>

Moito se ten escrito –e previsiblemente se seguirá facendo– sobre a situación creada pola actual pandemia. Pero quizais a colaboración que hoxe incluimos nos axude a relativizar as nosas desditas e a tomar conciencia do seu carácter universal. O autor de «COVID en Etiopía», respondendo amablemente á petición de Encrucillada, relátanos como viviu e vive desde ese recanto do mundo esta compartida calamidade. Sirvan as liñas que seguen como expresión de gratitude polo seu testemuño. Tamén, como presentación da súa persoa e invitación á achegarnos aos seus escritos.

Juan González Núñez naceu en 1944 en Casdiego, unha minúscula aldea do ourensán concello de Chandrexa de Queixa mergullada polas augas do actual encoro a comezos da década dos cincuenta. A quen lea esta revista tal vez lle resulte familiar o nome dun dos seus once irmáns, Anxo González Núñez, prestixioso escriturista que formou parte da equipa de tradutores da Biblia Galega.

Aos dez anos entrou no seminario de Ourense –onde cursou humanidades, filosofía e dous anos de teoloxía– e aos vinte, no Instituto dos Misioneiros Combonianos. Ordenado sacerdote en 1968, e pese ao seu vivo desexo de ir «ás selvas africanas», tivo que dedicarse á docencia, á formación de xoves aspirantes e á difusión polas parroquias de Valencia do traballo misioneiro do seu

---

1 Ramón Cao Martínez é membro do Consello de Encrucillada.

instituto. Destinado a Etiopía, neste complexo e misterioso país transcorre a meirande parte –trinta anos– do seu medio século de vida sacerdotal. En todo este tempo non escasearon as situacións críticas: cando chegou en 1976, un novo goberno de orientación marxista aspiraba a erradicar a relixión; uns anos despois (1984-1985) unha terrible e tristemente famosa grande fame assolou o lugar; e, ata hoxe mesmo a violencia étnica é un fenómeno recorrente. Primeiro foi enviado ao sur do país, onde creu ter achado o seu lugar no mundo: «Síntome no meu sitio. Non teño outra meta nin outra ambición que madurar e envellecer baixo deste sol de Dilla, o mesmo que madurecen as papaias», escribiu. Pero en 1982 houbo de trasladarse a Adís Abeba para iniciar e dirixir o seminario diocesano. Durante os anos seguintes tivo que asumir diversas responsabilidades na «retagarda» europea: no 88 volve a España para dirixir a revista *Mundo Negro*; no 93 é nomeado superior provincial; e no 97, elixido Conselleiro Xeral volve da congregación, comeza a traballar na sede central en Roma. Tras quince anos en Europa, volve a Etiopía no en 2004, e solicita traballar nunha nova misión no noroeste do país, entre os Gumuz, unha etnia desprezada polo resto dos etíopes pola súa cor escura. Segundo reconece, era o tipo de misión coa que soñara nos seus anos xoves: «unha sabana árida, torrada por un sol xusticeiro, unhas xentes que vivían igual podían vivir 200 anos antes», espazo dabondo para o traballo de promoción humana, educación, sanidade, «unha terra virxe para sementar a semente do Evanxeo». Entre os seus sesenta e setenta anos goza dunha década de traballo misionero «de vangarda» vivíndoa como un auténtico regalo. Pero de novo é chamado para facerse cargo da formación e acompañamento dos postulantes combonianos, e da ensinanza da teoloxía no seminario de Adís Abeba. Asume sen resistencia este novo e inesperado destino, pois xa aprendera que «o corazón debes levalo sempre contigo y telo a punto para amar calquera nova realidade onde a vida, a obediencia ou a Providencia (ou as tres á vez) te poñen». Tras seis anos nesta tarefa volve cos seus queridos Gumuz do norte, o que considera como «un regalo inédito de Deus» nas súas vodas de oro sacerdotais. Celebrounas na catedral de Adís Abeba en compañía

do máis representativo da la Igrexa etíope (xerarquías, relixiosos, fieis) e en particular coa presenza de sacerdotes –e ata un bispo– de quen fora formador. Con ese motivo repasou a súa vida nunha breve e substancial memoria, publicada por *El Faro de Vigo*, o domingo 4 de xaneiro de 2019 nas páxinas 4-5 do seu suplemento dominical *Estela*. Esas liñas nada presuntuosas deixan ver o pulo relixioso e o lúcido entusiasmo que animan toda a súa traxectoria. Paga a pena achegarse a elas.

\* \* \*

Unha parte do quefacer do comboniano Juan Antonio González Núñez tense orientado a dar a coñecer o territorio da súa labor misionera e ás xentes que o habitan: os seus particulares dons e carencias, a súa complexa e atormentada historia. Así, chegado o caso, non elude entrevistas radiofónicas ou televisivas –en RNE ou TreceTV, por exemplo– nin o apoio ao filme *Me llamo Gennet* e aínda a súa participación nel<sup>2</sup>.

Máis significativa é a súa longa dedicación á escritura, desde as numerosas contribucións á *Mundo Negro*, revista da que foi director, e o estremecedor *Etiopía, 38 días en el corazón del hambre* (testemuño da estada en campos de refuxiados das zonas máis afectadas), ata os tres libros recentes dos que imos dar breve noticia.

*Etiopía. Entre la historia y la leyenda* ofrécenos –en dezaseis capítulos e dous apéndice– un sucinto e abrangedor panorama da historia da Etiopía desde as súas remotas orixes ata o presente. A emerxencia da civilización axumita, as lendas da raíña de Saba

---

2 Este drama documental relata a vida da etíope Genett Corcuera, desde as súas lembranzas infantís no contexto de fame grande e a súa adopción, ata converterse na primeira xordocega que remata unha carreira universitaria en Europa. Unha historia coa que o padre Juan tivo bastante que ver. O filme, dirixido por Miguel Ángel Tobías e estreado en abril de 2019, conta no seu reparto con Gennet Corcuera, Miriam Díaz Aroca, Ángela Molina, Miguel Ángel Tobías, y Zewdu W. Mariam.

e da Arca Perdida; o período medieval co reinado de Lalibelé e a historia do Preste Xohán; a misión xesuíta (ss. XVI-XVII) coa singular figura de Pedro Páez, o primeiro europeo en «descubrir» as fontes do Nilo; os reinados de Theodros, de Menelik II –«o creador da Etiopía Moderna»– (s. XIX) e do Negus, Haile Selassie (1930-1974); a etapa revolucionaria e finalmente dictatorial iniciada co destronamento do Negus (1974-1991), a guerra con Eritrea (1998-2000) ata chegar a evolución política máis recente (1991-2018): tais son algúns dos fitos deste relato. Engádanse o capítulo sobre a cidade de Harar («a rival do Leste») e o dedicado a Adís Abeba, a florecente capital do país. Especial interese teñen para a nosa revista as páxinas sobre o papel das igrexas ortodoxa e católica; así, as finas e mesuradas apreciacións do apartado «*Iglesia católica y política*» no capítulo «*Iglesia católica, pequeña grey abierta al diálogo*».

Da boa acollida deste libro son índices significativos tanto as súas sucesivas edicións (esta é a quinta, aumentada e actualizada, do publicado en 1991 baixo do título *Etiopía. Hombres, lugares y mitos*) como a súa recente versión ao inglés (*Ethiopia. History and legend*, Adis Abeba, 2018). Quen lea esta instrutiva e amena obra apreciará –xunto ao fondo amor por unha terra que o autor coñece de primeira man– o rigor informativo no que se basea e a ponderación dos seus xuízos. Non esquezamos o recoñecemento agradecido por parte do gran escritor de viaxes que é Javier Reverte no seu ensaio biográfico sobre Pedro Páez (*Dios, el diablo y la aventura*, Madrid, Debolsillo, 2001).

*Adís Abeba. Guía histórica de la capital de Etiopía* é unha orixinal presentación da cidade na que o noso autor desenvolveu a súa actividade durante moitos anos. En cada un dos trece capítulos do libro –máis unha historia da urbe que unha guía ao uso– escoitamos una voz diferente. Figuras relevantes, vinculadas ao nacemento e transformación de Adís Abeba, van levándonos da man e mostrándonos o fondo histórico de todos os enclaves esenciais que cabe visitar na capital. No noso percorrido lector a través dos espazos e tempos acompañánnos as voces de relevantes cicerones:

desde o fundador da cidade, Menelik II (1844-1913), ata o primeiro ministro Melés Zenawí (1995-2012), pasando por quen primeiro foi rexente plenipotenciario (1916-1930) e despois o emperador Haile Selasie (1930-1974). Non faltan, entre as voces desta polifonía, nin o enxeñeiro suízo que supervisou todas as obras importantes da nacente urbe, nin o sanguinario vicerrei de Etiopía baixo a ocupación fascista italiana (1936-1941), nin o arcebispo ortodoxo Abuna Petros, valoroso defensor da autonomía da Igrexa de Etiopía e da independencia do país ata a súa execución polos ocupantes en 1936, nin o secretario persoal oficioso de Mengistú Hailemariam, o líder do período revolucionario (1974-1991).

Pazos e residencias imperiais, igrexas e monumentos, tombas e memoriais, edificios públicos e sedes de organismos internacionais (OUA y UA); museos, zonas comerciais e de lecer, cine e hotel, rúas e avenidas, glorietas e prazas: a través de todos estes múltiples rostros da cidade entrevemos a historia, atormentada e prometedora, dos seus dous escasos séculos de vida. No derradeiro capítulo —«Yo, la nueva flor»—, é a cidade mesma quen, tomando a palabra, evoca a súa propia historia deténdose nas súas últimas transformacións. A súa imaxe actual é a dunha noiva fermosamente ataviada, pero que aínda non puido desprenderse de todo dos seus vellos farrapos. Pero mesmo así, ao entoar a súa apoloxía, ela gábase tanto das súas voluntariosas e románticas orixes, como de terse convertido na capital de toda África.

En *Pequeñas exploraciones. Entre los gumuz, un pueblo marginal de Etiopía* González Núñez, que xa nos ofrecerá unha visión xeral da historia e cultura deste pobo da súa predilección<sup>3</sup>, volve sobre o tema completándoo desde outro punto de vista. Acolléndose á estrutura do diario persoal, agrupa entradas dun período de tres anos e medio (2011-2014). E grazas a esta forma imos descubrindo a través dos ollos do autor peculiaridades desta etnia desfavorecida e, ao tempo, caemos na conta do compromiso vital deste galego

---

3 *Al norte del Nilo Azul. El mundo de los gumuz, un pueblo marginal de Etiopía*, Madrid, Editorial Mundo Negro, 2010.

con ela. Así escribe: «A vocación e o sino do misioneiro é a mobilidade. Eu pertenzo aos gumuz e os gumuz pertencenme, eles son a porción de viña que me tocou en sorte». Pero, tamén: «Os gumuz son os gumuz e eu son eu, moi achegados e, ao tempo, distantes». E aínda: «malia que este é o meu mundo, non o é de todo».

Non ten que ser doado –pensa un– traballar «con máis esperanzas que realidades» na creación de novas comunidades de crenzas nunha estreita franxa entre o Islam, a Ortodoxia e algunhas denominacións protestantes. E, sobre todo, facelo con actitude ecuménica e de xeito respectuoso cun pobo que ven da tradición relixiosa africana. Ademais as diferenzas culturais –entre elas a escasa expresividade das xentes deste pobo– e a diversidade lingüística dificultan o contacto cordial do noso home cos gumuz. Sen facerse ilusións sobre os motivos últimos dalgúns deles para facerse cristiáns, non deixa de admirar o entusiasmo de moitos xoves que xa antes do bautismo están dispostos a traballar como catequistas. Pese a todo, o noso home segue a traballar co seu lúcido, esperanzado e inventivo entusiasmo, pois case todo o que facemos, facémolo por primeira vez».

Moitas son as interesantes observación xeográficas, sociolóxicas e etnográficas que o autor fai ao fío das súas «exploracións». Este misioneiro con algo de trotamundos –e que ten que desprazarse con frecuencia por incómodas e poeirentas estradas e pistas– permanece tan atento as crenzas e formas de vida tradicionais, como ao impacto da modernidade sobre embals dúas; tanto ás rudimentarias vivendas, ás ideas sobre o máis alá e ás prácticas funerarias, como aos intereses xeopolíticos e económicos que rodean á construción dunha gran presa no Nilo Azul. Algúns asuntos sobresaen de modo particular: a ambigüidade da política de concentración de terras e reasentamento da poboación, razoable en principio pero executada precipitadamente; os suicidios, sobre todo de mulleres novas forzadas a un casamento non desexado; os inveterados mecanismos culturais que empurran á vinganza de sangue; en fin, ás supersticións que impiden axeitados tratamentos médicos, como ocorre no caso da epilepsia.

Velaquí –lectora, lector– tres libriños instrutivos estimulantes, que nos abren un mundo e ao tempo nos deixan entrever ao home que nolo mostra. De diferentes xéneros e de asuntos interconectados, os tres nacen do mesmo alento evanxélico e do mesmo amor por un pobo. Comparten tamén a mesma soltura expresiva, o que nos fai grata a súa lectura. Están ademais exquisitamente editados, cun formato amable e material complementario dabondo (fotos, mapas, e apéndices léxicos e cronolóxicos).

Grazas, padre Juan –Aba Johanes–, polo teu labor e o teu testemuño. Sorte e ánimo na túa tarefa. E que sigas madurando felizmente baixo do sol desa terra.

**Ramón Cao Martínez**